



## **CIRCULAR 39-2022.**

### **VII CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA ABSOLUTO INDIVIDUAL E DAS CATEGORÍAS SUB 20, SUB 23 E MÁSTER DE TRAIL RUNNING E DE CLUBS ABSOLUTO.**

- A todas as delegacións da FGA.
- A todos/as os/as asembleístas
- A todos os clubs galegos con licenza vixente
- A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente
- A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente

**Art.1).-** A Delegación da F.G.A. en Santiago coa colaboración do Concello da Pobra do Caramiñal e da Asoc. De Atletismo e Deportes do Barbanza organiza, por designación da Xunta Directiva deste organismo, o Campionato Xunta de Galicia de Trail Running no concello de A Pobra do Caramiñal o día 17 de abril de 2022.

**Art.2).-** Poderán intervir todos/as aqueles/as atletas que teñan ficha pola F.G.A. na tempada 2022 dende a categoría Sub 20.

**Art.3).-** As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA ( <https://isis.rfea.es/sirfea2/> ) ata as 20:00 horas do luns 11 de abril de 2022.

O prazo para realizar as baixas será dende a publicación dos aceptados ata ás 10:00 horas do mércores 13 de abril. Calquera baixa non comunicada en prazo a: [competicion@atletismo.gal](mailto:competicion@atletismo.gal) levará consigo a perda da cota de inscrición correspondente e unha multa de 3 euros.

**Art.4).-** Realizarase unha clasificación individual e outra por equipos. Haberá medallas para os tres primeiros clasificados de cada categoría tanto masculinos coma femininos.

A clasificación de clubs será absoluta cunha premiación aos tres mellores clubs masculinos e femininos. Empregarase a suma dos catro mellores tempos de cada club, permitíndose a participación dun atleta asociado por club.

Cada club so poderá participar cun equipo na categoría masculina e outro na feminina.

**Art.5) SELECCIÓN GALEGA DE TRAIL - Campeonato España Trail Running por Federaciones Autonómicas (Berga-Barcelona 7 de maio).**

[https://www.rfea.es/normas/pdf/reglamento2022/12\\_fed\\_autonomicas\\_trailrunning.pdf](https://www.rfea.es/normas/pdf/reglamento2022/12_fed_autonomicas_trailrunning.pdf)

**A Federación Galega de Atletismo levará a 6 mulleres e 6 homes a esta competición. Competirán na categoría absoluta.**

Os/as 3 primeiros/as atletas galegos/as do Campionato de Galicia clasificaranse directamente para representar á Selección Galega no Campionato de España de Trail Running por Federaciones Autonómicas que se levará a cabo en Berga (Barcelona) onde participaremos na categoría



absoluta masculina e feminina (poderán optar os/as atletas sub 23, Senior e Máster).

Os/As outros/as 3 atletas femininas e masculinos serán seleccionados a criterio da dirección técnica e responsable de Trail running da FGA.

**Art.6)**.- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal de forma totalmente visible en toda a súa superficie no peito. O incumprimento desta norma será motivo de descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal para a colocación do dorsal.

**Art.7)** Os atletas participantes no Campionato de Galicia, deberán pasar por cámara de chamadas con identificación persoal. A cámara de chamadas estará aberta entre as 09:30 e as 09:45 horas. Unha vez rematado este tempo, non se admitirá a participación do/a atleta agás casos debidamente xustificadas. O horario de cámara de chamadas poderá ser modificado en función do número de inscritos/as.

**Art.8)**.- Cada atleta retirará o seu dorsal na zona de secretaría ubicada no lugar de saída/meta.

**Art.9).** Condicións de Participación.

Para a participación e a entrega do dorsal, será imprescindible amosar o certificado de vacinación COVID ou a aportación do certificado da realización dun test de antíxenos ou PCR negativo cunha antelación máxima de 72h á celebración da proba ou ben a aportación de certificado médico conforme se superou a infección por COVID-19 nun período comprendido entre os 11 e os 180 días anteriores a celebración da proba.

Calquera dunha destas tres condicións deberá ser amosada á organización no momento da recollida do dorsal.

Se existise algunha modificación no protocolo fisiocovid aplicarase o vixente na ata de celebración do Campionato de Galicia.

**Art.10).**- Tempos De Corte.

Establecerase un punto intermedio (km 11,4 aprox. Punto de avituallamento 2). Todos/as atletas que por ese punto non pasen antes das 12:00 h será retirado da competición e terá que voltar a meta polo percorrido do trail curto popular.

**Art. 11 ).**- Horario, lugar de saída e distancia:

**10.00 h:** Saída de Mirador da Curotiña (A Pobra). Distancia 25,44 km aprox.

Ubicación do lugar de SAÍDA da proba:

<https://goo.gl/maps/pRa57qi4eJ12>



**Art.12).- Avituallamentos:**

Haberá puntos de avituallamentos nos seguintes puntos:

- **Avituallamento 1:** só líquido – punto 8,5 km, aprox.
- **Avituallamento 2:** líquido e sólido – punto km 11,5 km aprox.
- **Avituallamento 3:** líquido e sólido – punto km 23,4 km aprox.
- **Avituallamento META:** líquido e sólido – punto km 25,44 km aprox.

**Art.13).- Material obrigatorio**

O listado de material obrigatorio que se poderá controlar total o parcialmente na saída, percorrido e meta é o seguinte:

- Dorsal con chip na súa parte traseira (non manipular)
- Teléfono móbil operativo
- Máscara (segundo protocolo fisiocovid aplicable na data da proba)
- Sistema de hidratación (mínimo de 0,5 litros na saída)
- Chaqueta impermeable (só no caso de chuvia)

**Art.14).-** Aqueles/as atletas que desexen participar na premiación popular, deberán facer tamén a súa inscrición a través de páxina de inscrición de [www.carreirasgalegas.com](http://www.carreirasgalegas.com)

**Art.15).-** Nos Campionatos de Galicia Individuais e por clubs, existirá unha cota de inscrición de 2 euros.

**Art.16).-** A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Nas 24 horas previas e no propio campionato calquera baixa ou a non participación final no Campionato terá unha sanción de 5 euros por proba, salvo causa xustificada e comunicada previamente por escrito á FGA [competicion@atletismo.gal](mailto:competicion@atletismo.gal).
- Os posibles cargos derivados do incumprimento na comunicación das posibles baixas, seguirán as consideracións establecidas na normativa técnica da FGA para a tempada 2022.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á Federación Galega de Atletismo (6 euros por atleta con datos falsos).
- Se non realiza a inscrición no prazo estipulado, deberá aboar 3 euros de recargo. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do director técnico, en función das características da proba onde se desexe inscribir o/a atleta, podendo ser esta denegada.

**Art.17).-** Todos/as os/as participantes deberán cumprir o protocolo COVID-19 establecido pola FGA, así coma as indicacións do Responsable COVID-19 da FGA.



## **CIRCULAR**

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13  
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal  
atletismo.gal - carreirasgalegas.com



**Art.18).-** Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

A Coruña, a 10 de marzo de 2022

Carlos Castro Vicente  
**Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo**